

EXCMO. CONCELLO DE A ESTRADA (PONTEVEDRA).

ANUNCIO

O Concello Pleno, na súa sesión celebrada en data 03.10.19, previos os informes e trámites preceptivos, aprobou inicialmente a desafectación do tramo/anaco de camiño público radicado en Souto - San Miguel de Barcala que de seguido se describe, declarándoo provisionalmente como ben patrimonial en calidade de parcela sobrante:

Superficie

84,00 m²

Leiras colindantes

Norte, sur e leste, coa finca núm. 578 ZCP Barcala. Oeste, camiño.

Asemade, acordou someter o expediente da dita desafectación a trámite de información pública para xeral coñecemento, polo prazo de 1 mes computable a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia (sen prexuízo da súa publicación nun dos xornais de maior difusión da mesma e da súa inserción no Taboleiro municipal de editos e anuncios, na páxina *web* oficial municipal e na sede electrónica municipal, con independencia da súa notificación individual aos propietarios colindantes afectados), a fin de que calquera persoa física/xurídica poda examinalo, e, de se-lo caso, formular alegacións.

De non presentarse reclamacións/alegacións, o significado acordo de aprobación inicial converterase en definitivo e a declaración provisional do tramo/anaco obxecto da desafectación como ben patrimonial en calidade de *parcela sobrante* elevarase a definitiva. Nese intre, o reseñado tramo/anaco deixará de ligarse formalmente ao uso/servizo público debido a que xa non cumprirá materialmente a finalidade para a que foi inicialmente destinado.

A tal efecto e durante o prazo apuntado, o amentado expediente atoparase fisicamente dispoñible nas dependencias da Área municipal de Urbanismo, no 3º andar da Casa do Concello (de luns a venres, agás festivos, entre as 09:00 e as 14:00 horas).

A Estrada, 9 de outubro de 2019.
O CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL,
Asdo. / Juan Constenla Carbón.
(Documento asinado dixitalmente ao marxe)

